



## Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 - Fax 988 43 60 40

**Montserrat Casas Cabido, secretaria do Concello de Xunqueira de Ambía, provincia de Ourense.**

Certifico que o Pleno do Concello de Xunqueira de Ambía, en sesión ordinaria celebrada o día 1 de abril de dous mil dezaseis, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**“ 5º.- ADHESIÓN AO CONVENIO EN MATERIA DE TRANSPARENCIA COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

Visto o CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA,

**PROPOÑO SOMETER A ACORDO PLENARIO:**

1º.- Aprobar a adhesión do concello ao CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.

2º.- Transferirlle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal de Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no dito convenio.

3º.-Designar como persoa responsable da execución do convenio ao alcalde.

O alcalde dirixese aos concelleiros da oposición pedíndolles que manifesten a súa opinión sobre a adhesión a este convenio.

Non habendo intervencións neste punto, por orde do alcalde someteuse a votación a proposta da Alcaldía, rexistrándose o voto a favor dos seis membros do Grupo Municipal do Partido Popular presentes na sesión , dos dous membros do Grupo Municipal de IX; e, do concelleiro do BNG.

En consecuencia, o Pleno municipal, trala votación ordinaria e por unanimidade dos oitos concelleiros presentes na sesión, sendo nove o número legal de membros que o compoñen, ACORDOU aprobar a proposta da Alcaldía sobre “ADHESIÓN AO CONVENIO EN MATERIA DE TRANSPARENCIA COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE”, quedando a referida proposta convertida en acordo nos seus propios termos.”

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do alcalde, José Luis Gavilanes Losada, e coa salvedade do art. 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Xunqueira de Ambía, a 17 de xuño de dous mil dezaseis.

